



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G003/000299

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACION REORGANIZACIÓN LISTA ORDEADA DOS/AS INTEGRANTES DA BOLSA DE EMPREGO_FUNCIONARIO/A INTERINO/A, CATEGORÍA ADMINISTRATIVO C1

EXPEDIENTE:2022/G003/000299

ANTECEDENTES:

Negociado: Persoal.

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Visto que por Decreto desta Alcaldía, de data 6 de maio do actual, convocouse proceso selectivo para a selección dun funcionario/a interino/a, categoría de administrativo (Grupo C, Subgrupo C1, Escala Administración xeral, Subescala Administrativa), por oposición, e formación dunha bolsa de emprego.

Visto que unha vez finalizadas as probas, o Tribunal Cualificador remitiu á Alcaldía a acta final do proceso selectivo, coa conseguinte proposta de nomeamento e formación da correspondente bolsa de emprego.

Vista a base novena das de selección, que establece: “ O/a aspirante que rexeite o nomeamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda vez que o rexeitara sen causa xustificada será excluído desta lista de reserva. Considéranse como causas xustificadas a incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico) ou estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo”.

Visto que por decreto 246/2022, de 15 de xullo, faise a proposta de nomeamento de funcionario interino e apróbase a lista ordeada dos integrantes da bosa de emprego constituída ao abeiro da base novena.

Visto que tanto dona María José López Coira como dona Cristina Vilariño Blanco, rexeitan o seu nomeamento xustificando estar traballando noutro sitio, polo que manteñen o seu posto na lista, e visto que don Silvio Sánchez Santiago rexeita o seu nomeamento sen causa xustificada, polo que pasará a ocupar o último lugar da lista.

Visto que por decreto 263/2022, de 28 de xullo, noméase funcionaria interina, para cubrir a vacante temporal por baixa da funcionaria titular, mentres dure a mesma, a Dona María Elena García-Fente Varela, resultando que en data 05/08/2022 se reincorpora a funcionaria titular ao seu posto de traballo



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G003/000299

e, polo tanto, cesa dona María Elena García-Fente Varela, debendo retornar ao posto que lle correspondería na lista, de conformidade coa base novena.

De conformidade co exposto, procede a reorganización da lista ordeada dos integrantes da bosa de emprego constituída ao abeiro da base novena.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a reorganización da lista ordeada dos integrantes da bolsa de emprego, que queda como segue:

Número de orde	Apelidos e nome
1	Coira López, María José
2	Vilariño Blanco, Cristina
3	García-Fente Varela, María Elena
4	Sánchez Santiago, Silvio

SEGUNDO.- Publicar o presente decreto na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

En Mesía, mércores 10 de agosto de 2022

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro